

Antón Seoane

Cando chegou a noite


A finitude do ser
e a morte digna

EDICIÓNS

laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

Antón Seoane



Antón Seoane (Ferrol, 1949) é psiquiatra e músico. Iniciou a súa carreira no Sanatorio de Conxo en 1973, no contexto do conflito arredor da antipsiquiatría, polo que foi represaliado. Exerceu como médico rural en Trasmiras e Mondariz e, desde 1978, retomou a psiquiatría en Vigo, onde foi un dos fundadores do Instituto Freudiano. Traballou no sistema público até a súa xubilación no 2014.

No ámbito musical, participou na creación do Movemento Popular da Canción Galega e foi un dos fundadores de Milladoiro, grupo no que permaneceu trinta e cinco anos. Impulsor do renacer da zanfona, é autor da primeira biografía de Faustino Santalices e produtor de diversos proxectos musicais. Publicou *De Voces Ceibes a Milladoiro* (2014) e *Avelino Cabezas e os seus irmáns* (2023), e é coautor de *Conxo: manicomio e morte* (1977), obra pioneira na análise crítica da institución psiquiátrica en Galiza.

1. Tempo e vida

I

Filla única, Maite, foi nada en 1953, en Pastoriza, Arteixo; o pé da famosa ermida que da nome a súa milagreira virxe, lonxe do predio que agora ocupan as múltiples naves industriais de Inditex.

Unha decisión marcaría a súa vida, a nosa vida. Rematados os estudos de Traballo Social, en Santiago, con escasos vinte anos, decidiu realizar as practicas, no lugar, na altura “menos adecuado”, o “Manicomio/Sanatorio” de Conxo, inmerso no fragor da loita por se converter nun espazo de liberdade e dignidade, que puxera fin, para sempre, á reclusión, á deshumanización e o maltrato dos pacientes alí internados, algúns dende había mais de trinta anos, sen ver nada mais que un patio, unha tapia, un estanque, ouvir o troupeleio dun tren ou o murmurio dun río, estes dous últimos, ás veces, devezo triste dunha solución final.

Non era o sitio mais doado para a aprendizaxe. Pero alá foi. E ficou entre 1973 e 1977. Primeiro como Traballadora Social e despois como Auxiliar de Enfermería Psiquiátrica. Tras un breve paso polo primeiro selo discográfico que houbo en Galicia, *Ruada*, todo virou cara o sur. Era 1978. A psicanálise e a posibilidade de traballar no novo Centro de Orientación Familiar, no que tramitaría o primeiro aborto terapéutico que se realizou na provincia de Pontevedra, achegárona a Vigo.

Un ano despois incorporouse, como Traballadora Social, ao Hospital Psiquiátrico de O Rebullón, que se inaugurara había pouco, en 1975. Destinada na unidade de ingreso de pacientes agudos da area viguesa; seguiu despois, a peregrinación deste dispositivo. A partir de 2001 xa no Hospital Nicolás Peña e, dende 2015, na mesma unidade, agora instalada no H. Álvaro Cunqueiro, ata súa xubilación o doce de novembro de 2018.

Gustaba infinito do seu traballo. O día anterior a xubilarse permitiuse un derradeiro xesto do que entendía “terapia imprescindible”, as visitas domiciliarias para coñecer, “estar” no hábitat no que moraban os pacientes e mergullarse na súa realidade concreta. Aquel último día de traballo visitou, preto de Vigo, a un paciente que vivía nunha cova, practicamente escavada por el mesmo, coas paredes quentes cun azul índigo propio das casas marroquís de Chefchaouen, nunha especie de mestura extrema trasladada a unha espenuca en orde meticulosa, digna dun catálogo en honor ao sol que esa cor representa. Achegouse na compañía dunha experta psiquiatra que non fixera “visita domiciliaria” algunha. Daquel adeus, Maite deixou intenso testemuño gráfico. Como profesional tivo a fortuna de contar con Traballadoras Sociais afíns e entre elas constituír un auténtico póker de raíñas da especialidade, para beneficio dos e das pacientes e da práctica psiquiátrica. *Tempus fugit*.

II

Por onde ela pasou, eu fíxeno tamén e viceversa. Foron corenta e oito anos de entenderse e quererse, as veces rañando o ceo de felicidade, outras cheas de complicidades, algunhas regular e, coma en todas as parellas, épocas que é “mellor esquecer”; sempre con esa tirana amante que foi a música, entremeténdose de cote na nosa vida para asuntos tan veniais como coincidir nas vacacións, ou para cuestións esenciais que precisaban dun equilibrio nada doado ou case imposíbel entre gardas hospitalarias, traballo psiquiátrico, a psicanálise, e trinta e cinco anos de ensaios, gravacións e xiras que impedían poder estar a carón da persoa amada. As veces eu estaba lonxe pero a comunicación para grandes e pequenos afáns, sempre foi xenerosa, mesmo para acordar por telefono o tipo de madeira para a nova casa. Internet non nacera.

Complicidade que tamén se deu á hora de ter descendencia. Fotos fermosas da nosa filla recollen o mellor da nosa andaina xuntos. Despois chegou a neta, a felicidade renacida, que tivo a fortuna de gozar de avoa e bisavoa. De novo, mil fotos, son testemuña da ledicia dos tempos propios de calquera parella que viva e ansíe crear nova vida.

Unha vez xubilada, todo marchaba ben. Maite conservaba o humor e a sensibilidade que sempre a caracterizara e que, en silenciosas bagoas, abrollaba ao escoitar certas cancións. Unha delas incluso a deprendera a interpretar ao piano, tan fermosa que a “quebraba”, era un pasaxe da *Cantata de Santa Maria de Iquique*, nas voces de Quilapayún: “Vamos mujer, partamos a la ciudad, todo será, distinto ya lo verás.....”. Como nun exercicio masoquista, ben sabía que, tocándoa, remataría chorando. Os mesmos sentires agromaban con *Grândola Vila Morena* do inesquecível Zeca Afonso, ou con *Palabras para Julia* na voz de Paco Ibañez. Pero a definitiva, entraba “a capella” polo que podía collela por sorpresa. Podía estar fritindo peixe que cando nacía a canción as bagoas caían sobre o aceite; era a tradicional *Estreliña do luceiro* na versión de Leilía; cando manaba o texto, a súa ollada era mar: “Bonita traballo ten, bonita traballo ten, e anque che son moreniña non dou traballo a ninguén....”

Viviamos e gozábamos. Nós, filla, neta cativa e cans, sempre cun setter irlandés e un pastor alemán; boa mestura; a racionalidade deste coa “tolemia” do primeiro.

Tratábase de seguir, coidando os aderezos que toda parella, pasados decenios, precisa como subrogado do puro eros: horta, arbores, flores, e mil etcéteras, do que nace unha nova relación, pode que menos orgásmica pero satisfactoria por igual e, en especial, preñada de complicidades. Unha vivencia conxunta que se trasladaba a actividades relacionadas coas afeccións, coa natureza e tamén coa ideoloxía, coa política, coa vida social compartida nun viño, nun concerto ou nunha manifestación ou axitación precisa. Amaba vivir a vida.

Así era.

2. Tempo apocalíptico

Calor cósmico, Maite, co cabelo recortado había pouco, aínda feble, festexaba o día de seu santo, 15 de outubro de 2017. Banal escusa para celebrar, moito, moitísimo máis, xuntos. Filla e neta, andaban nunha viaxe prometida, polo que a chamada de felicitación foi un falar cariñoso pero “ma non troppo”, xa que non queríamos transmitirllles desacougos nin incertezas. Xantamos nun asador de preto da casa. Gozamos como se fose o primeiro dos xantares compartidos ao longo de mais de corenta anos de relación, reinventando sempre palabras e amores. Ela gozaba, en especial, deses manxares especiais. Na sobremesa brindamos pola vida. Non había motivo mellor. Durante a semana, ela, e o conxunto da familia, entre medias verdades, pasamos por un bo susto, do que aínda non estabamos repostos de todo.

Rematado o café, Maite notouse cansa pero feliz. Daquela comezamos a ollar como da zona menos recollida da terraza, os comensais tiñan que facer auténticos esforzos para que non envorcasen os parasoles que abaneaban axitados por intensos refachos dun aire tórrido, un súpeto vento atolado, do que aínda non nos decatáramos.

Ao lonxe, coma outras veces, no mesmo lugar boscoso de preto da ría, confundíase o que podía ser néboa co que se presentía, pola elevada temperatura, un nacente “algo mais”. Dende a distancia, sentíase o pronto nacer dun incendio, como mil veces antes, como en tantas e tantas catastróficas ocasións. Voaban manteis, algunha copa, mentres os camareiros tentaban encordar os parasoles ás varandas. O vento era dunha intensidade desmedida.

Vivíamos preto do establecemento. Pedimos a conta e dirixímonos ata á casa, por un “si acaso”. Liscamos do asador sobre as catro. Ficamos cuns amigos, para festexar a volta á normalidade. Camiño do fogar collémonos das mans como

nun esconxuro contra o vivido poucos días antes, para que todo ficase nun breve pesadelo, nunha infortunada estrela que tinguira de negro o ceo que nos acubillaba, acordando, coa telepatía de anos de convivencia, exclamar: “pensar que só hai dous días o noso destino estaba nas mans dun hospital!”.

ÍNDICE

Cando chegou a noite.....	9
1. Tempo e vida	9
2. Tempo apocalíptico	12
3. Tempo de presentimento e medo	14
4. Tempo de concordancias	18
5. Tempo de loita: Conxo	22
6. Tempo de conciencia e esperanza	25
7. Tempo de rara calma	27
8 Tempo de amizades, ilusións e perdas.....	29
9. Tempo de zozobra e pandemia	32
10. Tempo da dor compartida.....	34
11. Tempo de “trema”.....	43
12. Tempo dos fados.....	48
13. Tempo dun acompasado camiñar	49
14. Tempo de reflexión, cómo, cando, ónde.....	51
15. Tempo de introspección.....	55
16. Tempo dun final asumido	56
17. Tempo de preparación	59
18. Tempo de despedida	61
19. Tempo da escaleira do adeus	63
20. Tempo final.....	69
 Palabras achegadas e unha reflexión.....	 70
 Epílogo: reflexións sobre a morte voluntaria, a eutanasia e o poder de decidir e dispoñer, en liberdade, da propia vida.....	 73
1. A morte inherente á vida.....	73

2. O dereito á vida: o poder de decidir e dispoñer libremente dela.....	75
3. A quen compete a soberanía e pertenza da vida	78
4. Morte voluntaria. morte natural	79
5. A significación da morte voluntaria.....	80
6. A morte voluntaria como fenómeno multifactorial e multidisciplinar	81
7. A falacia do paradigma biomedico	84
8.Función do clinico fronte a morte voluntaria	86
Bibliografía citada.....	88